



Proxecto de ADEGA: PATRIMONIO RURAL, CUSTODIANDO O NOSO LEGADO MÁIS SINGULAR,

financiado pola

Vicepresidencia da Deputación de Lugo área de Medio Rural, Mar e Mocidade

A ÁREA ARQUEOLÓXICA DA COSTA DE MERA

O espazo arqueolóxico da Costa de Mera confórmano, na data de realización deste panel, 4 túmulos e unha pequena agrupación de petróglifos que consiste nunha serie de coviñas de difícil interpretación. Este conxunto sitúase nun relanzo dun contraforte norte da cordilleira do sueste de Friol; isto é, nun punto relativamente chan na pendente do monte Pedroso. A situación nunha zona elevada da ladeira, a uns 580 m s.n.m., permite un amplo campo visual respecto do val de Friol, cara ao norte, podendo ser este un dos factores que expliquen o motivo polo que se erixiron aquí estes monumentos, buscando a visibilidade. Na actualidade, as mámoas contan cunha altura de ata algo máis de 2 m e cun diámetro comprendido entre os 20 e os 35 m, mais as súas dimensións e a súa aparencia no pasado serían distintos, pois o paso do tempo e a actividade humana modificaron a súa forma ao longo dos séculos.

Unha das características máis salientables do conxunto, pola súa rareza, é a presenza no túmulo nº 2 de dous gravados distintos en dúas das antas. Por unha banda, nunha identifícase una sucesión de motivos cruciformes; noutra, aparece o que podería identificarse como o gravado dun sol. Establecer o momento no que estas incisións foron realizadas sobre as rochas resulta moi complexo e non se pode desbotar a súa elaboración xa en tempos recentes. Non obstante, está probado que as cámaras megalíticas galegas adoitaban decorarse tanto coa pintura como co gravado, do que é un dos mellores exemplos do Noroeste o dolmen de Dombate (Cabana de Bergantiños, A Coruña). De igual forma, case con seguridade

nunca chegaremos a comprender o significado destes motivos e as circunstancias que levaron á súa realización, pois os creadores non deixaron restos que permitan indagar nestas cuestións.

O CONXUNTO MEGALÍTICO

Os túmulos son os vestixios da Prehistoria Recente máis visibles de cantos perduran nos nosos días. Isto débese, precisamente, á súa monumentalidade, outorgada pola característica tumulación: o recubrimento con terra e croios das estruturas megalíticas que, polo xeral, adoitan atoparse baixo estas pequenas elevacións artificiais, comunmente coñecidas como antas ou laxes. É esta estética a que deriva na denominación popular destes monumentos a través dun rico e abundante vocabulario: mámoas, medorras, medornas, medas, medoñas, modias, módeas, mudias, tómbaros...; ou incluso castros, equiparando o termo co dos poboados fortificados, orixinarios xa da Idade do Ferro (ca. 800 a.C. en adiante). Todos estes termos son solucións que veñen a referir a estes enigmáticos e antigos monumentos cos que os poboadores de Galicia conviviron ao longo dos últimos milenios. O misterio ao redor deles adoitaba derivar en que fosen obxecto de multitude de lendas e historias, moitas das cales incluían ás míticas figuras dos mouros nos relatos.

A investigación arqueolóxica actual permite constatar que as orixes destas estruturas remóntanse ao redor do 4500 a.C., coa construción dos primeiros dólmenes a modo de monumentos funerarios. Nos seguintes tres milleiros de anos o fenómeno continúa e complexízase: constrúense novos megálitos e varían as tipoloxías e as formas ao mesmo tempo que se reutilizan e remodelan os antigos e os seus espazos. Nese período, os ritos funerarios tamén foron variando, xa que as diversas sociedades que se fixeron eco do fenómeno megalítico plasmaron neles súas propias nocións da morte e/ou ritualidade. Neste contexto, resulta de gran complexidade establecer unha cronoloxía e funcionalidade determinada para cada monumento, pois tanto estes como as contornas vencelladas estiveron en continua ocupación e resignificación ata os nosos días. Unha profunda intervención arqueolóxica é o único medio para poder obter unha aproximación ás historias vividas en cada un destes lugares ao longo do tempo.

AS PEDRAS DE COSTA DE MERA

O conxunto aquí situado amosa evidencias de diversas etapas da súa vida a través das súas características. Os conos de violación –como se denominan as pegadas dos espolios escavados da parte superior delas– que caracterizan ás mámoas, insírense maiormente no fenómeno de apertura destes vestixios no século XVII a raíz das iniciativas de Vázquez de Orxas. Ao longo de Galicia as xentes adicáronse a escavar os túmulos na procura dos tesouros que se pensaba que albergaban no seu interior; realmente os escavadores nunca achaban o que esperaban. Non obstante, as antas megalíticas reutilizáronse con frecuencia como materia prima na construción, extirpándoas do seu emprazamento orixinal. Os traballos agrícolas e a construción de camiños supuxeron tamén grandes alteracións a estes bens, especialmente coa difusión da maquinaria pesada, que facilitou moito a labor destrutiva dos túmulos. O túmulo 1, en engadido, parece que fora usado a modo de marco para delimitar algunha parcelación. Tal uso non sería de estrañar, pois constátase que esta foi unha forma habitual de aproveitar a presenza destes xacementos, dada a súa preeminencia no terreo.

Nas últimas décadas, a crecente preocupación polo recoñecemento do patrimonio preservado do pasado levou á creación de catálogos e inventarios cos bens repartidos polo territorio. Particularmente, no que refire a este conxunto e ao resto do concello de Friol, os primeiros en rexistrar estes bens foron Juan Núñez Jato e Laura Rodríguez Varela, xa nos anos 80; tras eles, destacaron as prospeccións de César Parceró Oubiña e Carlos Otero Vilariño a finais dos anos 90. O seu traballo continuárono as institucións, outros especialistas e persoas preocupadas polo patrimonio arqueolóxico, logrando, entre outras, a catalogación de máis de 200 túmulos só no concello de Friol. Esta é unha cifra en constante aumento, pois a abundancia destes bens patrimoniais deriva no (re)descubrimento de cada vez máis, amosando a riqueza do patrimonio arqueolóxico de Galicia e a pegada nas paisaxes das persoas que poboaron este territorio nos últimos milleiros da Prehistoria.

Texto: Brais Rodríguez